



Resolución do 22 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2021-2022.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as linguas sexan un medio para a construción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico.

As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos quince anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

Os decretos polos que se establecen os currículos das distintas etapas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria outórganlle especial importancia ao desenvolvemento da competencia comunicativa, tanto das linguas cooficiais como das linguas estranxeiras.

A Orde do 12 de maio de 2011 regula os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

A Orde do 12 de maio de 2011 regula as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

O Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas na oferta educativa do sistema galego non universitario.

O Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato, no apartado segundo da disposición adicional sétima, no seu apartado segundo, habilita a consellería a autorizar proxectos curriculares específicos e singulares dos centros docentes en base a proxectos educativos de calidade que se orienten cara á





especialización nalgún ámbito, como pode ser, entre outros, a excelencia ou a especialización curricular.

Ademais a estratexia galega de Linguas Estranxeiras 2020 (Edulingüe) tivo como finalidade impulsar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros e contempla a súa extensión ao bacharelato (PluriBach).

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral, **RESOLVE**

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta resolución é regular a implantación e o desenvolvemento do bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a convocatoria dirixida aos centros que desexen impartir este bacharelato a partir do curso 2021-2022.

Segundo. *Finalidade do bacharelato de especialización curricular en idiomas.*

O bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) ten como finalidade promover no alumnado unha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa, así como un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

Terceiro. *Obxectivos do bacharelato de especialización curricular en idiomas.*

Xunto aos obxectivos xerais marcados para esta etapa educativa, o Bacharelato de especialización curricular en idiomas favorecerá no alumnado o desenvolvemento de:

1. Destrezas comunicativas e expresivas (orais e escritas) tanto nas dúas linguas cooficiais como na(s) lingua(s) estranxeira(s) presente(s) nesta etapa educativa.
2. Destrezas de comprensión e produción na lingua estranxeira obxecto de especialización do Programa, cunha especial incidencia nas destrezas orais.
3. Utilización práctica das ferramentas e recursos da Sociedade do Coñecemento actual: uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no ámbito de estudo do bacharelato.





Cuarto. Ordenación das ensinanzas.

1. – O alumnado que se incorpore a este bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) cursará, a todos los efectos, unha modalidade das reguladas no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, de acordo coa correspondente organización, e ademais cursará

a) Unha materia extracurricular, en 1º e 2º de bacharelato, cunha carga horaria lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario do alumnado.

b) Actividades complementarias de formación organizadas polo centro como charlas, obradoiros ou proxectos cunha duración estipulada ao longo dos dous cursos de 40 horas e que se levará a cabo fóra do horario ordinario do alumnado.

2.– O alumnado cursará, cando menos en 1º de bacharelato, unha materia, escollida entre as troncais, as específicas e as de libre configuración, en lingua estranxeira. O número de materias que se cursen en lingua estranxeira poderá ampliarse sen superar o alumnado, en todo caso, un terzo do seu horario en lingua estranxeira.

3.– O currículo das materias extracurriculares será proposto polos centros educativos e será a Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional quen os aprobe. Esta materia terá por obxecto o afondamento no idioma obxecto do programa, baseado no incremento das habilidades de expresión e comunicación, con especial atención á oralidade.

4.– A avaliación, a promoción e a titulación do alumnado que siga o programa de especialización curricular en idiomas no Bacharelato rexerese polas normas establecidas con carácter xeral para esta etapa educativa no Decreto 86/2015 e na normativa que o desenvolve. O alumnado que obteña o título de Bacharelato tras cursar o Programa de Especialización curricular en Idiomas recibirá, certificación da dirección do centro de que realizou os estudos correspondentes. Farase constar ademais mediante dilixencia no historial académico do alumno e no informe persoal por traslado, no caso de traslado a outro centro.

Quinto. Requisitos dos centros para desenvolver o bacharelato de especialización





curricular en idiomas.

Para poder impartir o bacharelato de especialización en idiomas, os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten bacharelato deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Elixir unha lingua estranxeira como obxecto do programa para fornecer ao alumnado dunha formación específica nese idioma.
- b) Impartir en lingua estranxeira ata un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos e alumnas.
- c) Dispor de profesorado cualificado para impartir, en toda a etapa, as materias non lingüísticas en lingua estranxeira.
- d) Ofertar unha materia extracurricular, cunha carga horaria lectiva semanal de 2 ou 3 horas.
- e) Presentar un programa de actividades complementarias de formación organizadas polo centro como charlas, obradoiros ou proxectos cunha duración estipulada ao longo dos dous cursos de 40 horas e que se levará a cabo fóra do horario ordinario do alumnado.
- f) Iniciar a impartición do programa de especialización curricular en idiomas no primeiro curso do bacharelato e desenvolverlo ao longo da etapa.
- g) Aprobar o proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.
- h) Participar e colaborar no desenvolvemento dos procesos de avaliación do alumnado e dos propios centros que a Consellería de Cultura, Educación, e Universidade organice.
- i) Comprometerse a desenvolver o programa, cando menos, durante dous anos, de tal xeito que o alumnado que se incorpore no primeiro curso poida completar os dous cursos da etapa dentro do bacharelato de especialización curricular en idiomas.





Sexto. Requisitos que deberá reunir o profesorado.

O profesorado que imparta áreas ou materias non lingüísticas en lingua estranxeira deberá reunir os seguintes requisitos:

- 1.– Ser especialista da materia que vai impartir en lingua estranxeira, ou estar en posesión da habilitación correspondente.
- 2.– Acreditar, cando menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), na lingua obxecto do programa.

Sétimo. Compromisos que deberá asumir o profesorado.

O profesorado que imparta materias non lingüísticas en lingua estranxeira quedará comprometido a:

- 1.– Impartir a materia da súa especialidade en lingua estranxeira.
- 2.– Participar nunha sesión semanal de seguimento e coordinación convocada pola persoa coordinadora do programa de bacharelato de especialización curricular en idiomas, xunto co profesorado de linguas estranxeiras que participe no programa.
- 3.– Colaborar na elaboración da programación de contidos e actividades de apoio en lingua estranxeira e da memoria final anual.
- 4.– Participar nas actividades de formación e de coordinación entre centros que programe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Oitavo. Profesorado coordinador.

- 1.– O programa de bacharelato de especialización curricular en idiomas contará cunha persoa coordinadora, que será nomeada pola dirección do centro, entre o profesorado de lingua estranxeira con destino definitivo no centro, por un período dun curso académico.
- 2.– A persoa coordinadora deberá impartir a lingua obxecto de estudo no programa, nalgún dos grupos de alumnado participante neste.
- 3.– Son funcións da persoa coordinadora:





a) Elaborar, coa colaboración do profesorado implicado no programa, a programación dos contidos e as actividades de apoio ás ensinanzas das materias non lingüísticas que se impartan nesa lingua, así como a memoria de fin de curso.

b) Realizar o seguimento semanal e a coordinación do equipo de docentes que formen parte do programa e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados. A xefatura de estudos considerará este aspecto na elaboración do horario do profesorado implicado.

c) Coordinarse coa persoa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.

d) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.

e) Dirixir e orientar o labor da persoa nativa de apoio ao programa.

f) Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de Centros Plurilingües e con todas aquelas persoas ou organismos que puidesen ofrecer colaboración.

4.– A persoa coordinadora do programa contará coa redución de unha hora no seu horario lectivo. En ningún caso esta redución suporá un aumento no cadro de persoal do centro.

Noveno. Apoios por parte da Administración educativa.

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, nos centros da súa dependencia, asegurará que as vacantes que se produzan nas materias non lingüísticas vinculadas ao programa de bacharelato de especialización curricular en idiomas se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística. Estableceranse os criterios selectivos necesarios para que as posibles substitucións temporais do profesorado participante no programa se realicen por aquel que posúa a debida competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e impulsará, dentro do seu Plan de





Formación, actividades específicas para o profesorado do bacharelato de especialización curricular en idiomas e facilitará a dispoñibilidade de recursos didácticos e materiais específicos, así como de orientacións didácticas para o desenvolvemento do programa. Unha medida específica será a realización por parte dos centros educativos que se incorporen a este programa, dun PFPP específico relacionado con este programa.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará aos centros públicos de persoas nativas de apoio ao profesorado do centro para posibilitar o desenvolvemento do programa.

4. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitará a certificación correspondente do alumnado que participa no programa, en canto ao seu dominio da lingua estranxeira.

Décimo. *Certificación de participación.*

O profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado acreditativo ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación do profesorado para aquel que imparta áreas ou materias non lingüísticas en lingua estranxeira, e cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado para a persoa coordinadora.

Décimo primeiro. *Acceso do alumnado.*

1. Poderá acceder ao bacharelato de especialización curricular en idiomas todo o alumnado que o solicite e que cumpra as condicións de acceso ao primeiro curso do bacharelato establecidas na normativa vixente.

2. No caso de que houberse máis solicitantes ca prazas, o criterio de selección do alumnado será a nota media das materias cursadas en 4º ESO. En caso de manterse o empate será a nota da materia de lingua estranxeira a que sirva de desempate.

3. Os procesos de matriculación do alumnado deste bacharelato serán os establecidos para o conxunto do alumnado de bacharelato. No caso de que o alumnado obtivese praza noutro centro, a formalización da matrícula suporá a perda da praza adxudicada.





4. As persoas directoras dos centros docentes públicos que impartan este bacharelato poderán autorizar, de forma excepcional, a matrícula dun alumno ou alumna ata un mes despois do inicio do curso, sempre que non se cubrixe toda a oferta de prazas, previa notificación á Xefatura territorial.

5. Se ao comezar o curso o centro docente non dispuxese de 10 alumnos e alumnas como mínimo matriculados no primeiro curso deste bacharelato, a autorización quedará sen efecto. A Secretaría Xeral poderá autorizar o programa de bacharelato de especialización en idiomas cun número menor de alumnado en función das características do centro, visto o informe da inspección educativa. En ningún caso, o desenvolvemento deste programa suporá incremento do número de profesorado do centro.

Décimo segundo. Atención á diversidade.

Os centros que sexan autorizados para desenvolver o bacharelato de especialización curricular en idiomas concretarán os programas específicos de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, no seu proxecto lingüístico.

Décimo terceiro. Documentación.

Os centros que desexen impartir o programa de Pluribach deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>.

1. Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitude xerarase un documento no buzón de informes (Anexo I). Este documento será custodiado no centro educativo.
2. Na solicitude faranse constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos que se relacionan a continuación:
 - a) Proxecto de desenvolvemento do programa de especialización curricular do bacharelato coa concreción para 1º no ano 2021-2022 e a planificación para 2º no ano 2022-2023.
 - b) Relación de materias que se impartirán en lingua estranxeira, con indicación da lingua seleccionada.





- c) Denominación da materia extracurricular que se vai impartir xunto coa descrición xeral desta.
- d) Programa previsto de actividades complementarias, para os dous cursos do bacharelato.
- e) Información relativa á experiencia en plans e/ou programas relacionados coas linguas estranxeiras nos que participou o centro.
- f) Datos da aprobación do proxecto polo Consello Escolar, oído o Claustro de profesores e profesoras.
- g) Relación do profesorado con destino definitivo no centro, ou profesorado contratado no caso dos centros concertados, que impartirá docencia, xunto coa titulación que acredite a súa competencia lingüística. Igualmente, datos da persoa coordinadora do programa.

3. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación.

Décimo cuarto. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 30 de abril de 2021.

Décimo quinto. Comisión de valoración.

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizará a selección dos proxectos, mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e que tamén estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos así como dúas persoas asesoras técnicas da secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, unha dos cales realizará as funcións de secretaría.

2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do proxecto. Para iso terase en conta a experiencia previa do centro, o cadro de persoal de





profesorado dispoñible coa cualificación requirida para desenvolver o programa en toda a etapa (con especial mención ao profesorado especialista en idioma estranxeiro) e os recursos existentes no centro, así como o número de unidades e de alumnado.

Décimo sexto. Resolución provisional.

Valoradas as solicitudes, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional publicará no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) a proposta de resolución provisional. Abrirase un prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo sétimo. Resolución definitiva.

1. Analizadas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional o Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional ditará resolución definitiva.
2. A resolución definitiva publicarase no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.
3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. Se transcorre o prazo máximo que se sinala no parágrafo segundo deste artigo sen que se publique a resolución definitiva, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes, para os efectos de interpoñer os recursos que proceda.

Décimo oitavo. Notificacións.

Notifícaranse ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses, nos termos previstos na normativa reguladora do





procedemento administrativo común.

Décimo noveno. Seguimento e avaliación.

1. Os centros que implanten o bacharelato de especialización curricular establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación do programa que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.
2. Correspóndelle á inspección educativa supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa, prestándolle especial atención á práctica docente, así como propor medidas de mellora.
3. A persoa coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado neste, deberá elaborar unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro.

Vixésimo. Datos de carácter persoal.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan





acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional única. *Adaptación centros plurilingües na etapa do bacharelato.*

Os centros plurilingües autorizados pola *Orde do 16 de setembro de 2015, do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a ampliación das ensinanzas plurilingües á etapa postobrigatoria de bacharelato para o curso 2015-2016 nos centros pertencentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia*, poderán adaptar o seu programa ao que se concreta nesta Resolución, previa solicitude de acordo con esta resolución.

Disposición derradeira primeira. *Recursos.*

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional.

